



**EXPEDIENTE 2024/E001/000008. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.**

**Decreto formalización contrato.**

#### **ANTECEDENTES**

29.05.2024. Por Decreto da Alcaldía n.º 193/2024, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

04.06.2024. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 107)

14.06.2024. Finalización prazo presentación de solicitudes.

17.06.2024 Por Decreto da Alcaldía n.º 208/2024, aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos, polo que se outorgaron un prazo de dous (2) días hábiles contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello, para que os interesados que o considerasen oportuno procedesen a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimaran oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

17.06.2024 Publicación do citado Decreto da Alcaldía n.º 208/2024.

02.07.2024 Por decreto de Alcaldía nº 243/2024 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento doo tribunal cualificador do proceso de selección e fixación da data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o xoves 4 de xullo de 2024 ás 16:30 horas na área xunto á Casa de Cultura situada na Rúa Castelao – Fonte Díaz – Touro.

02.07.2024 Publicación do citado Decreto da Alcaldía nº 243/2024.

04.07.2024 Segundo consta na acta do Tribunal do proceso selectivo, o tribunal por unanimidade acordou

**PRIMEIRO. Elevar a listaxe da persoa aprobada para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de:**

**- Pereiro Mella Carlos José**

**- García Cao Daniel Manuel**

05.07.2024 Decreto de Alcaldía polo que se acordou presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado: un peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba, a xornada completa, por un período de tres meses a contar dende a data de inicio do contrato, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

05.07.2024 Por decreto de Alcaldía nº 247/2024 polo que se resolveu: *Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado: un peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba, a xornada completa, por un período de tres meses a contar dende a data de inicio do contrato, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.*

09.07.2024 Listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2024-7032):



APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
Carneiro Becerra Lucía	Non participa no proceso
Carracido Rodríguez José	Non participa no proceso
Carrillo Rama María Isabel	Non participa no proceso
Couto García Miguel Ángel	Non participa no proceso
Fernández González Juan	Participa no proceso
Fernández Ramos Vicente	Non participa no proceso
Gómez Iglesias Damián	Non participa no proceso
González Calvo Ramón Emilio	Non participa no proceso
Larroy Castro José Manuel	Participa no proceso
Luís Pérez Carmelo Alexis	Non participa no proceso
Rendo Facorro Ramón	Participa no proceso
Rey Pereiro Jesús	Non participa no proceso
Riveiro Conde Arquímedes	Non participa no proceso
Ruano Quesada Antonio	Participa no proceso
Santiago Cantariño María Saladina	Non participa no proceso
Suárez Louzao Miguel	Non participa no proceso
Suárez García Francisco Javier	Non participa no proceso

12.07.2024 Por Decreto da Alcaldía n.º 254/2024, aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos, polo que se outorgaron un prazo de dous (2) días hábiles contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello, para que os interesados que o considerasen oportuno procedesen a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimaran oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

12.07.2024 Publicación do citado Decreto da Alcaldía n.º 254/2024.

17.07.2024 Por decreto de Alcaldía n.º 273/2024 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento doo tribunal cualificador do proceso de selección e fixación da data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o venres 19 de xullo de 2024 ás 10:30 horas na área xunto á Casa de Cultura situada na Rúa Castelao – Fonte Díaz – Touro.

17.07.2024 Publicación do citado Decreto da Alcaldía n.º 273/2024.

19.07.2024 Segundo consta na acta do Tribunal do proceso selectivo, o tribunal por unanimidade acordou

**PRIMEIRO. Elevar a listaxe da persoa aprobada para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de:**

- Juan Fernández González

**SEGUNDO.** Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación:

- Ramón Rendo Facorro

-



*Previamente á contratación dos 3 aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 5 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal encargado do manexo e actuación do vehículo VMB terá que realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.*

*No caso de non superar as probas referidas anteriormente, procederase a realizar as citadas probas aos aspirantes qu fose necesario contratar pola orde na que houberan quedado na listaxe de reserva.*

*Os/as traballadores contratados terán un curso-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas.*

Ao abeiro do manifestado con anterioridade, do establecido nas Bases que rexen o procedemento e de conformidade con establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

#### **RESOLVO.**

**PRIMEIRO.** Formalizar a contratación na modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de contrato laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción (atenderase ó Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo), por un periodo de tres meses, iniciándose o 1 de agosto de 2024 ata o 31 de outubro de 2024 de:

- *Pereiro Mella Carlos José*
- *García Cao Daniel Manuel*
- *Juan Fernández González*

**SEGUNDO.** Consituír a Bolsa de Traballo, por orde de puntuación para cubrir evetuais vacantes das persoas seleccionadas durante o periodo subvencionado que nunca se estenderá máis da data do Programa, formada por:

Posto lista	Apelidos e nome
1	Ramón Rendo Facorro

**TERCEIRO.** Notificar o presente ás persoas interesadas.

**CUARTO.** Dar traslado desta Resolución ao Departamento de Secretaría-Intervención, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Mándao e asíno o señor alcalde Roberto Castro Rocamonde en Touro na data da sinatura electrónica á marxe, do que eu, José López González, secretario-interventor dou fe.